

4. O ministro de Economía e Facenda será competente para acordar a revogación.

5. A resolución pola que se revogue a autorización ou a exención será motivada e inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Entidades de Diñeiro Electrónico do Banco de España.

**Artigo 15. Verificación de requisitos específicos.**

O Banco de España verificará, polo menos dúas veces ao ano, que os cálculos que xustifican o cumprimento dos artigos 6 e 11 sexan efectuados ben polas propias entidades de diñeiro electrónico, as cales os comunicarán ao Banco xunto con todos os elementos de cálculo necesario, ben polo propio Banco de España, utilizando os datos facilitados polas entidades de diñeiro electrónico.

**Artigo 16. Información sobre a estrutura de capital das entidades de diñeiro electrónico.**

Con independencia da obriga establecida no artigo 61.1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, as entidades de diñeiro electrónico comunicaránlle ao Banco de España, na forma que este estableza, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, a composición do seu capital social, relacionando todos os accionistas que ao final dese período teñan a consideración de entidades financeiras e os que, non o sendo, teñan inscritas ao seu nome accións que representen unha porcentaxe do capital social da entidade igual ou superior ao 2,50 por cento.

**Disposición adicional única. Autorización para a transformación en bancos de entidades de diñeiro electrónico xa constituídas.**

A autorización para a transformación en bancos de entidades de diñeiro electrónico xa constituídas outorgarase nos mesmos termos previstos para os establecementos financeiros de crédito pola disposición adicional cuarta do Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

**Disposición derogatoria única. Derogación normativa.**

Entenderanse derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.**

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.**

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2000/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como a supervisión cautelada desas entidades.

**Disposición derradeira terceira. Facultades de desenvolvemento.**

Habílitate o ministro de Economía e Facenda para ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Autorízase o Banco de España para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento das funcións de supervisión e control da actividade das entidades de diñeiro electrónico que lle atribúe o artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e este real decreto, e, en especial, para determinar a información que as entidades de diñeiro electrónico deberán remitir e a periodicidade con que deberán levar a cabo tal remisión.

**Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**4059** REAL DECRETO 228/2008, do 15 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola. («BOE» 54, do 3-3-2008.)

Durante o primeiro ano de vixencia do Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola, publicouse normativa comunitaria e nacional que afecta determinados artigos do citado real decreto.

O 16 de decembro de 2006, o Diario Oficial de la Unión Europea publica o Regulamento (CE) n.º 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001. No seu artigo 4, establece unhas porcentaxes máximas para as axudas en función do investimento que difiren das establecidas no Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro.

En relación co límite máximo do investimento subvencionable é importante especificar que debe ser concordante co fixado, nos programas de desenvolvemento rural, para os investimentos de modernización de explotacións, acollidas ao artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O 20 de xullo de 2007, o Consello de Ministros aprobou un plan de medidas urxentes da estratexia española de cambio climático e enerxía limpa, entre as que se encontra a redución de fertilizantes nitroxenados. Para a súa consecución, considérase necesario dispor de equipamentos mecánicos que posibiliten unha correcta distribución dos fertilizantes.

Por outra parte, na aplicación desta liña de axudas durante o ano 2007 detectáronse determinadas anomalías que é preciso corrixir para adecuar a liña á consecución dos obxectivos previstos sen que iso represente un desaxuste coas previsións orzamentarias, para o cal se establece un máximo de axuda por beneficiario e ano, se garante que os equipamentos que se van desmantelar estean actualmente en uso e non abandonados e os seus titulares durante o último ano coincidan cos solicitantes da axuda.

Por último, especificanse aspectos concretos sobre os trámites das solicitudes de axuda.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi comunicado á Comisión Europea en cumprimento do disposto no Regulamento (CE) n.º 1857/2006, do 15 de decembro de 2006.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 15 de febreiro de 2008,

#### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola.*

O Real decreto 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. Tamén se poderán destinar estas axudas procedentes do desmantelamento de tractores e máquinas automotrices á adquisición de determinadas máquinas arrastradas ou suspendidas, como:

- a) Sementadoras directas.
- b) Cisternas para xurros e espaxeadores de fertilizantes sólidos equipados, en ambos os casos, con dispositivos de localización.
- c) Fertilizadoras e equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que posibiliten unha correcta distribución, mediante acreditación dunha estación de ensaios específica para estes tipos de máquinas.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Compatibilidade con outras axudas e contía máxima.*

1. A axuda máxima por beneficiario e convocatorias do ano, regulada por este real decreto, non superará os 12.000 euros no caso de adquisición de novos tractores, 30.000 euros cando se trate de equipamentos automotores de recolección ou o 30 por cento do investimento no resto de máquinas automotrices e nos casos de máquinas arrastradas.

2. A axuda regulada por este real decreto é compatible con calquera outra axuda legalmente establecida co mesmo obxecto, coas limitacións establecidas no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006, do 15 de decembro, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001 e sempre que non se superen os límites especificados nos puntos seguintes ou no artigo 4.9 do citado regulamento.

3. A contía máxima do conxunto das axudas a que se refire o número 2 anterior, expresado en porcentaxe do importe do investimento subvencionable, calculada a partir do custo total de adquisición, considerando o prezo neto de factura, sen incluír o IVE, é:

- a) En zonas desfavorecidas ou nas indicadas no artigo 36, alínea a) incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro, o 50 por cento.
- b) Nas demais zonas, o 40 por cento.
- c) No caso de agricultores mozos que soliciten a axuda no momento da súa primeira instalación ou nos cinco anos seguintes a esta, as porcentaxes anteriores poderanse incrementar en 10 puntos porcentuais, en cada caso.
- d) En Canarias, por ser zona ultraperiférica, o 75 por cento, sen a posibilidade de incremento a que se refire a alínea c).

4. O límite máximo do investimento subvencionable será o establecido, en cada programa de desenvolvemento rural, para os investimentos de modernización de explotacións, acollidas ao artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005.»

Tres. O número 1 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para acceder á axuda regulada neste real decreto é necesario:

- a) Axustarse á definición de pequenas e medianas empresas establecida no anexo I do Regulamento (CE) n.º 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.
- b) Ser titular dunha explotación agraria ou tratarse dunha persoa física ou xurídica das recollidas no artigo 2.3.
- c) Ser titular do novo tractor ou máquina e da maquinaria desmantelada, tendo en conta as excepcións recollidas no artigo 5.b).
- d) Cumprir as normas comunitarias aplicables aos investimentos de que se trate, tal como establece o artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, para a medida de modernización das explotacións agrarias.
- e) Comprometerse a non allear o novo tractor ou a nova maquinaria durante un período de cinco anos, contados a partir da data de concesión da axuda. En caso de incumprimento, o beneficiario deberá reintegrar ao Tesouro público o importe da axuda obtida e os xuros correspondentes, agás nos casos de forza maior previstos na normativa comunitaria en materia de axudas á modernización de explotacións agrarias.»

Catro. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Requisitos do tractor e máquinas automotrices.*

Os tractores e máquinas automotrices que se desmantelen deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter máis de 15 anos de antigüidade, excepto para os equipamentos de recolección, que poderá ser de 10 anos, computados entre a data da súa primeira inscrición como alta no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola e a data de solicitude da axuda.
- b) Estar inscrito no ROMA durante o último ano baixo a titularidade do solicitante da axuda,

agás nos casos de transmisión ou cambio de titularidade da explotación, falecemento, invalidez permanente ou xubilación do seu anterior titular, ou nos casos de primeira incorporación de mozos á titularidade ou cotitularidade da explotación agraria. Este requisito será exixible, igualmente, aos socios de cooperativas e sociedades agrarias de transformación acollidos ao artigo 4.2.

c) Estar en condicións de uso e non de abandono.

d) Ser entregado a un centro autorizado de tratamento ou a unha instalación de recepción, regulados no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos, ao final da súa vida útil, e na Orde INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil, para a súa destrución.

e) Causar baixa definitiva no ROMA, cunha anotación en que se faga constar que foi desmantelado. Así mesmo, deberá causar baixa definitiva no Rexistro de vehículos, caso de estar inscrito nel.»

Cinco. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo.

«Artigo 6. *Requisitos do novo tractor ou máquina.*

O novo tractor ou máquina debe cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser adquirido en data posterior á de solicitude da axuda.

b) Quedar inscrito, como de primeira adquisición, no ROMA correspondente.»

Seis. A alínea f) do número 1 do artigo 7 e o número 3 deste artigo quedan redactados como segue:

«f) Marca, modelo e prezo neto, sen IVE, do novo tractor ou máquina que se adquira. En todo caso, xuntarase unha factura pro forma.»

«3. No caso de solicitudes desestimadas por falta de orzamento, os seus titulares poderán presentar unha nova solicitude, dentro do prazo sinalado pola convocatoria a que se acollan, que será resolta no prazo sinalado por esta, séndolles de aplicación o disposto na data de concesión da axuda e considerándose, para os efectos do artigo 6, como data de solicitude a inicialmente presentada.»

Sete. Engádese unha nova disposición adicional sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Información pública.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación difundirá e actualizará a través da súa páxina web: <http://www.mapa.es/es/agricultura/pags/maquinariaagricola/renovacion.htm>, a relación de fertilizadoras e de equipamentos de tratamentos fitosanitarios seleccionados para estas axudas, de acordo cos criterios elaborados conxuntamente pola Dirección Xeral de Agricultura e as estacións de ensaios específicas para este tipo de máquinas.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4146** *CORRECCIÓN de erratas do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade. («BOE» 55, do 4-3-2008.)*

Advertida errata no Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega núm. 32, do 14 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 3984, primeira columna, onde di: «3.3.3», debe dicir: «1.2.3».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**4204** *ORDE EHA/564/2008, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras. («BOE» 56, do 5-3-2008.)*

O obxectivo desta modificación encóntrase na valoración legal do solo e a súa relación coas normas de valoración de bens inmobles para determinadas finalidades financeiras.

A Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo, establece uns criterios de valoración que son exclusivamente aplicables aos supostos legalmente taxados, sen que tales criterios se apliquen ás finalidades recollidas nesta orde. Porén, pode existir un punto de conexión entre ambas as normas se no proceso de valoración se toma en consideración a posibilidade de os solos obxecto dela poderen ser eventualmente obxecto de expropiación. Isto deriva da exixencia do principio de prudencia enunciado no artigo 3.1.f) desta orde. Razóns de seguranza xurídica aconsellan clarificar a aplicación do principio de prudencia en relación coa posibilidade expropiatoria.

Esta orde dítase ao abeiro das habilitacións normativas recollidas no artigo 37.4 do Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario; o artigo 57.1 do Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e se adapta o réxime tributario das institucións de investimento colectivo; no artigo 50.10 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro (segundo a redacción dada polo Real decreto 239/2007, do 16 de febreiro); e o artigo 75.2 do Regulamento de plans e fondos de pensións (aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro).

Na súa virtude, dispoño: